MANUAL

Manual de urxencia para a docencia e a avaliación debido á Covid-19

Marco normativo e recomendacións



Versión 2.0

Universida de Vigo

1. Marco xeral

Velaquí un documento redactado polo equipo de goberno que pretende guiarvos e axudarvos a modificar as guías docentes das materias para adaptalas á situación provocada pola pandemia da COVID-19. Este manual, no que se tiveron en conta as achegas dos decanatos e das direccións dos centros así como das representacións do estudantado, atinxe tanto ás modificacións na actividade do proceso ensinanza-aprendizaxe coma nos procedementos de avaliación. O noso obxectivo primordial, compartido amplamente por toda a comunidade universitaria, é que o curso remate con éxito, é dicir que o estudantado sexa quen de obter os coñecementos suficientes para acadar o nivel requirido e que a avaliación sexa xusta e acaída. Estes cambios nun período tan curto de tempo supoñen un esforzo de adaptación e de responsabilidade do profesorado, do estudantado e do persoal dos servizos implicados, que é preciso recoñecer e valorar.

Neste período no que xa non é posible retomar a actividade presencial, a docencia está regulamentada de xeito extraordinario polas seguintes normas que figuran en anexo deste manual:

- Instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado 2/2020 do 30 de marzo de 2020, sobre a actividade docente durante o período de peche dos centros debido á COVID-19.
- Resolución reitoral do 7 de abril de 2020 sobre a obriga de impartir docencia virtual na Universidade de Vigo.
- Resolución reitoral do 14 de abril de 2020 sobre a avaliación virtual na Universidade de Vigo durante o estado de alarma.
- Acordo da REACU do 3 de abril de 2020 ante a situación de excepción provocada polo COVID-19
- Instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidade do sistema universitario de Galicia.

Neste repaso do marco normativa só nos deteremos naqueles aspectos que teñen unha relación máis directa coa análise do tema da avaliación.

No referente aos distintos tipos de prácticas, tamén incluímos en anexo a documentación correspondente. Respecto deste tema, unicamente faltarían por resolver algúns casos coma os da docencia práctica en hospitais, en centros educativos ou en empresas daquelas titulacións nas que se consideren no seu plan de estudos. Recordámosvos que no momento da redacción deste documento, aínda se anda á procura dunha solución no ámbito estatal.

Para comezar, referirémonos á instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado que, por estar incluída na Resolución reitoral do 7 de abril, resulta de obrigado cumprimento. Cómpre sinalarmos os seguintes aspectos verbo da modificación das guías docentes, da actividade docente e da avaliación:

Apartado 2. Docencia virtual

2.1. O PDI **ten a obriga** de continuar coas súas tarefas docentes. Adaptará o seu labor ás condicións actuais de non presencialidade e durante toda a súa duración.

2.2. O PDI terá liberdade para decidir as ferramentas e as metodoloxías utilizadas para impartir a docencia de cada materia de xeito virtual. Os centros e os departamentos unicamente poderán facer recomendacións a este respecto.

2.3. Non é obrigatorio usar as ferramentas de docencia virtual proporcionadas pola Universidade de Vigo. Non obstante, recomendámosvos o seu uso e serán as únicas para as que se proporcionará soporte técnico. A este respecto, recordámosvos que Faitic é a ferramenta principal da docencia non presencial. Así mesmo, a universidade puxo en marcha un conxunto de aulas virtuais asociadas aos centros para que o profesorado que o desexe poida utilizalas como ferramenta complementaria.

2.4. Dadas as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral que poden xurdir das medidas de confinamento decretadas, na actividade docente virtual non é necesario cumprir os horarios das clase aprobados polos centros. A docencia no horario establecido (síncrona) poderá substituírse por outras actividades desligadas do devandito (asíncrona). Neste caso, as modificacións non deberán interferir coas actividades programadas noutras materias para permitirlle ao estudantado seguir todas as súas actividades. A este respecto, o PDI deberá informar da súa decisión á dirección ou ao decanato do seu centro que, de ser necesario, arbitrará as medidas necesarias para coordinar adecuadamente as actividades docentes de cada curso.

2.5. Independentemente das ferramentas que o profesorado decida utilizar, deberá comunicarlle ao decanato ou á dirección do centro as situacións do estudantado que non dispoña dos medios necesarios para utilizar as ditas ferramentas. Á súa vez, desde o centro notificaránselles estes casos á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado para buscar posibles solucións.

2.6. Ao adaptar as materias á docencia virtual, terase en conta que a carga total de traballo do estudantado debe ser a mesma que na docencia presencial (25 horas por crédito) e que o esforzo dedicado a cada materia se distribuirá temporalmente ata a finalización do curso como xa estaba programado.

2.7. De ser necesario, os centros deberán adaptar á situación de non presencialidade e ao indicado nesta instrución, os mecanismos que teñan establecidos para coordinar, supervisar e controlar a actividade docente.

Apartado 3. Guías docentes

3.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá facer as adaptacións que considere oportunas na guía docente, de común acordo co resto do profesorado da materia. Para adaptar as guías á situación de non presencialidade, faranse as mínimas modificacións posibles. En ningún caso deberán entrar en contradición co reflectido na memoria da titulación e aparecerán como un documento anexo ás guías docentes aprobadas.

3.2. Debido aos problemas de conciliación e/ou de conectividade derivados da situación actual, solicitámosvos que ao estudantado se lle facilite ao máximo que poida organizar o seu traballo de forma autónoma. Para iso, eliminarase das guías docentes a valoración da asistencia a clase como criterio de avaliación e complementarase o apartado de bibliografía con aquela que axude á autoaprendizaxe da materia.

3.3. Calquera modificación das guías docentes **comunicaráselle a todo o estudantado** da materia correspondente, así como ao decanato ou á dirección do centro e ao departamento.

3.4. O profesorado poderá comezar a seguir as guías docentes modificadas sen necesidade de esperar a que sexan aprobadas polos centros, unha vez que estes comproben que non incumpren a memoria da titulación. Así mesmo, os decanatos ou as direccións establecerán o procedemento e os prazos pertinentes para que estas modificacións sexan ratificadas posteriormente polo órgano correspondente dos centros.

3.5. Os decanatos e as direccións dos centros deberán velar por unha adecuada coordinación das actividades do profesorado. Terán as competencias para redefinir os calendarios e a programación das probas de avaliación continua do estudantado en coordinación co profesorado responsable de cada materia.

Apartado 4. Actividades de avaliación

4.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá, de común acordo co resto do profesorado da devandita, facer as adaptacións que considere oportunas nas actividades de avaliación continua previstas para adecualas á situación de non presencialidade. A ditas modificacións deberán quedar reflectidas no anexo á guía docente da materia.

4.2. No caso de que sexa necesario realizar exames finais en modalidade virtual, ditarase a oportuna resolución reitoral.

Apartado 5. Titorías

5.1. O profesorado **deberá continuar** realizando as horas semanais que lle corresponden segundo a súa dedicación á actividade de titorización do estudantado.

5.2. As sesións de titorización deberán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de Faitic, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

Apartado 6. Outras actividades académicas

6.1. Calquera actividade docente presencial, incluídas as prácticas en empresa, as saídas de campo, as visitas e os actos de defensa de TFG, TFM e teses de doutoramento, deberá substituirse, de ser posible, por actividades equivalentes non presenciais. No caso de non poderse, aprazaranse ata a recuperación da situación da actividade docente presencial habitual.

6.2. No caso das actividades académicas obrigatorias para obter títulos habilitantes para profesións reguladas que estean suspendidas, como poden ser os practicum ou as prácticas clínicas, ditaranse as correspondentes resolucións unha vez se decidan as solucións oportunas no ámbito do sistema universitario galego ou para o conxunto do Estado.





En canto ás instrucións da Secretaría Xeral de Universidades, cómpre sinalar os seguintes aspectos:

PRIMEIRA.- Requisitos mínimos da docencia non presencial

O profesorado responsable de cada unha das materias do plano de estudos das titulacións de grao e máster universitario, **deberá**:

a) Ter operativa unha aula virtual á disposición do seu estudantado.

b) Adaptar a programación docente prevista para o presente curso ás metodoloxías non presenciais.

c) Impartir a materia respectando as datas marcadas no calendario académico aprobado para o curso 2019/2020

d) Impartir os contidos de cada materia de xeito íntegro, agás nos casos excepcionais que o profesorado responsable xustificará debidamente.

e) Subministrarlle ao estudantado as orientacións, os materiais e as ferramentas para facilitarlle a preparación dos contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado.

f) Ofrecerlle ao estudantado unha temporalización clara da posta a disposición dos materiais docentes e das tarefas que deberá realizar.

g) Darlle a coñecer de xeito preciso ao estudantado de calquera cambio nos baremos e nos criterios que se terán en conta para a avaliación dos coñecementos.

h) Manter abertas canles de comunicación directa co estudantado (horario de atención, solución de dúbidas, corrección de exercicios, clase en directo...).

SEGUNDA.- Prazo de cumprimento dos requisitos mínimos

Os requisitos establecidos na instrución primeira deberán estar operativos o mércores **15 de abril de 202**0, como data límite.

Na modificación das guías docentes, deberedes tamén ter en conta os seguintes aspectos:

1. A indicación, recollida no acordo da REACU e desenvolvida na instrución da Secretaría Xeral de Universidades, de que a validación será *a posteriori* e que se considerarán aprobadas todas as modificacións presentadas en tempo e forma.

2. Aínda que nos apartados 3.1 e 3.4 da instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado se indica que as modificacións das guías docentes «non deberán entrar en contradición co reflectido na memoria da titulación», tanto o acordo da REACU como as instrucións da Secretaría Xeral de Universidades permiten utilizar metodoloxías docentes e de avaliación que supoñan cambios respecto ao recollido nas memorias, e acordan ademais que os ditos cambios non terán consideración de modificacións das devanditas.

3. No apartado 6.1 da instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado recóllese a posibilidade de aprazar determinadas actividades docentes ata a recuperación da situación da actividade docente presencial habitual. A decisión tomada no SUG de finalizar a actividade docente do presente curso sen volver á actividade docente presencial fai que esta posibilidade xa non sexa viable.

4. As instrucións da Secretaría Xeral de Universidades establecen como prazo para realizar os cambios necesarios para adaptar as metodoloxías docentes e de avaliación á situación de docencia non presencial para todas as materias de grao e de máster o mércores 15 de abril de 2020, data límite ademais para que se lle comuniquen ao estudantado de cada materia.

Tamén debe terse en conta a incerteza da situación excepcional na que nos atopamos. Polo tanto, o recollido neste documento pode verse modificado polo cambio das circunstancias actuais, polos acordos que se adopten ou polas futuras normas que se diten. No caso de que se produzan cambios que afecten o contido deste documento, faranse as modificacións pertinentes.

2. Recomendacións sobre a docencia neste cuadrimestre

Neste apartado, presentámosvos algunhas matizacións e recomendacións para abordar a docencia nas súas distintas modalidades no que resta de curso. Para redactalas tivemos en conta o marco descrito no apartado anterior que define un escenario no que xa non haberá máis actividades docentes presenciais así como a obriga de respectar as datas consideradas nos calendarios académicos aprobados para o curso 2019/2020.

Docencia teórica

A docencia teórica, de xeito xeral, pode virtualizarse a través das ferramentas postas á disposición do profesorado ou ben doutras das que se dotaran os e as docentes pola súa conta.

Docencia práctica

A docencia práctica consistente na resolución de problemas, supostos prácticos ou actividades similares tamén pode ser adaptada para súa impartición e o seu seguimento de xeito virtual utilizando as ferramentas dispoñibles.

Prácticas de laboratorio ou taller

1. No caso deste tipo de prácticas, a opción preferida, no caso de que sexa posible, será virtualizalas para poder realizadas fóra do laboratorio ou do taller mediante simuladores, laboratorios virtuais ou outras opcións que permitan desenvolvelas a distancia.
2. Se non é posible virtualizalas, deberán substituírse por outras actividades docentes que non requiran a presencia física no laboratorio ou no taller e que permitan, dentro do posible, adquirir os mesmos coñecementos ou as mesmas competencias. Por exemplo gravacións en vídeo da práctica que debe realizarse.
3. En último caso, se as opcións anteriores non son posibles, deberase considerar a cancelación destas actividades e a súa compensación mediante outro tipo de actividades docentes.
4. Para aquelas actividades consideradas no punto anterior e co fin de completar a plena adquisición das competencias correspondentes, durante o curso seguinte os centros, en coordinación cos departamentos implicados, poderán programar actividades complementarias de carácter voluntario e sen custo para o estudantado, como poden ser seminarios, talleres, ...

Prácticas externas

No referente ás prácticas externas, tanto curriculares como extracurriculares, aplicarase o recollido na Resolución reitoral do 1 de abril de 2020 sobre as prácticas académicas externas e as bolsas de formación complementaria do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que incluímos neste documento como anexo.

No caso das prácticas que correspondan ao último curso da titulación, estas deberán ser substituídas por outras actividades académicas alternativas relacionadas que permitan adquirir as mesmas competencias e que poidan realizarse de forma non presencial.

Se corresponden a outros cursos, poderase considerar a posibilidade de retrasar a realización das prácticas (ou da parte pendente) ao curso seguinte.

Prácticas habilitantes

No caso das prácticas obrigatorias do último curso nas titulacións que dan acceso a profesións reguladas, poderase aplicar o indicado no punto anterior para outro tipo de prácticas externas, ou ben, dependendo do caso ou do tempo restante para levalalas a cabo, concretar a súa realización con carácter intensivo e concentrado temporalmente en caso de que a evolución da situación sanitaria o permita e sempre dentro deste ano 2020, idealmente non máis tarde do mes de setembro ou de outubro. Neste último caso, sería de aplicación o indicado no punto 4 da Resolución reitoral do 1 de abril, que permite presentar e defender os traballos de fin de estudos (TFG ou TFM) aínda que non se completase e superase o período das prácticas curriculares.

En todo caso no referente a este tipo de prácticas, deberíanse ter en conta as posibles recomendacións ou acordos consensuados polas correspondentes conferencias sectoriais de decanatos ou direccións..

Traballos fin de grao e traballos fin de máster

1. Os traballos fin de grao e os traballos fin de máster que non precisen de traballo presencial nas instalacións da universidade poderán continuar o seu proceso de elaboración. Unicamente establecerase un mecanismo de comunicación adecuado entre o profesorado e o estudantado que garanta unha correcta titorización.

2. No caso de que parte do traballo teña que realizarse necesariamente nos laboratorios, nos talleres ou noutras instalacións da universidade, este deberá reorientarse, de común acordo entre o estudantado e a persoa ou persoas titoras. A parte do traballo pendente que precisaba de presencialidade substituirase por outra alternativa co fin de garantir que poida ser terminado no prazo previsto.

3. O límite temporal para pechar as actas dos TFG e TFM para o curso 2019/2020 é o 21 de setembro de 2020, polo que ata a dita data se poderían realizar actos de defensa. Os centros que non o teñan previsto xa, poderán programar convocatorias de defensa no mes de setembro, de acordo co indicado na Resolución reitoral do 14 de abril de 2020 sobre a avaliación virtual na Universidade de Vigo durante o estado de alarma.



Outras actividades docentes

As actividades non consideradas nos apartados anteriores e que non poidan ser realizadas de forma non presencial (prácticas de campo, visitas a institucións ou a empresas etc.) cancelaranse. Poderanse substituír por outras actividades alternativas ou ben compensarse pola realización do resto das actividades docentes previstas .

Co fin de completar a plena adquisición das competencias correspondentes, os centros, en coordinación cos departamentos implicados, poderán programar durante o curso seguinte actividades equivalentes de carácter voluntario e sen custo para o estudantado ou ben outras de carácter complementario, como poden ser saídas, seminarios, talleres, ciclos de conferencias,...

3. Recomendacións sobre a avaliación neste cuadrimestre

A postura da Reitoría da Universidade de Vigo é manter as datas da avaliación previstas no calendario académico e adiar tan só as datas de entrega das actas de xuño e de xullo dúas semanas. É competencia dos centros fixar a programación dos exames, respectando as datas de entrega das actas, coa recomendación, de ser posible, de non facer cambios a este respecto en relación coa programación xa prevista.

Segundo se recolle na resolución reitoral do 14 de abril, a avaliación continua restante do curso 2019/2020, así como os posibles exames finais do presente cuadrimestre desenvolveranse de xeito virtual. Si en xullo fora posible, procurarase facer exames presenciais, especialmente contando con que as materias do primeiro cuadrimestre non están adaptadas á docencia e avaliación virtual.

Dentro deste marco temporal e do marco normativo exposto no primeiro apartado deste documento, a situación de excepcionalidade provocada pola declaración do estado de alarma e as súas sucesivas prórrogas obríganos redefinir as actividades de avaliación das materias para o período restante do curso 2019/2020.

Dentro deste proceso de paso da avaliación tradicional a uns mecanismos alternativos non presenciais, **tenderase á avaliación continua das materias e evitarase, sempre que sexa posible, realizar exames finais**. Así podemos diferenciar as seguintes situacións:

Materias sen necesidade de exame final

Como xa indicamos, sempre que sexa posible, tenderase a avaliar as materias nesta modalidade. Para adaptar os mecanismos de avaliación actuais das materias a esta situación deberán terse en conta as seguintes recomendacións:

1. Naquelas materias que xa teñen previsto utilizar unicamente mecanismos de avaliación continua poderedes tomar as seguintes aproximacións:

- Se as probas pendentes se poden facer de forma virtual, non é necesaria ningunha adaptación.
- Substituír as probas presenciais por outras non presenciais. Poderase, se se considera necesario, aumentar ou diminuír o seu número e/ou modificar a ponderación das diferentes actividades de avaliación, tanto das xa realizadas como das pendentes.

2. Naquelas materias que aínda tiñan previsto un exame final presencial e se considera que nas circunstancias actuais se pode substituír por outro tipo de probas:

- Poderase substituír o exame final por probas adicionais de avaliación continua e modificar, se se estima conveniente, a ponderación das actividades de avaliación xa realizadas.
- O exame final presencial tamén se poderá substituír por outro tipo de actividade final. Neste caso, poden considerarse, entre outras, os seguintes tipos de probas:

Actividades finais alternativas ao exame final

- Avaliación de traballos individuais ou grupais, ben sexa memorias de desenvolvemento dun tema concreto, respostas a colecciónsde exercicios, proxectos orixinais, resolución de casos prácticos etc. É moi recomendable utilizar a ferramenta Turnitin, da que dispoñemos as universidades galegas, para avaliar se existen plaxios.
- Avaliación de vídeos gravados e enviados polo estudantado. Permitirase a presentación asíncrona deste tipo de traballos nos que se avaliará a presentación feita para aquel estudantado que teña problemas de conexión.
- Avaliación de traballos por pares. Naquelas materias nas que resulte acaído, pódese involucrar o estudantado na avaliación dos traballos presentados polos compañeiros e compañeiras a través dunha rúbrica de avaliación entregada polo profesorado coordinador da materia.
- Avaliación de presentacións en directo. Poderá utilizarse Campus Remoto para que o estudantado presente traballos diante de toda a clase utilizando documentos previamente preparados e nun tempo limitado. Aconsellámosvos que este tempo sexa curto e que non pase dos 15 minutos agás nos casos xustificados. Recomendámosvos gravar as probas co fin de poder incluílas nos procesos de revisión das cualificacións. Tamén é recomendable utilizar rúbricas de avaliación ou escalas de avaliación sinxelas e claras.

Materias con necesidade de exame final

Naqueles casos nos que se considere imprescindible realizar un exame final da materia, este deberá adaptarse á situación de non presencialidade.

Tenderase a que o exame final teña o peso máis baixo posible no cálculo da nota final. Para iso, poderanse modificar as ponderacións inicialmente previstas na guía docente. A estes efectos, ditarase unha resolución reitoral que permita rebaixar as ponderacións naqueles casos nos que o peso do exame final estea limitado pola normativa propia dos centros. En caso de que sexa posible, recomendámosvos que o peso deste exame sexa, **como máximo, do 40 % da nota final da materia**.

O exame final presencial, en todo caso, substituirase por alternativas que permitan a avaliación a distancia como poden ser, entre outras:

Modalidades de exame final non presencial

- Exame oral curto. Consiste en preparar preguntas de resposta moi curta pero que evidencien que o estudantado adquiriu os coñecementos e que os ten firmemente incorporados. Este tipo de «pílulas» poden avaliarse a través de Campus Remoto, ben chamando a todo o estuantado á vez, ben facendo quendas. Recomendámosvos gravar este tipo de proba.
- Exame oral completo. En materias con menos de 40 estudantes por docente, a modalidade de exame individual completo por videoconferencia pode ser unha opción útil. Deberíase realizar a través de Campus Remoto e gravaríase a proba.

- Exame final escrito sen control de identidade. Neste tipo de proba, temos dúas opcións:

  - Exame enviado por correo electrónico nun momento previamente coñecido, con diferenzas entre o que recibe cada estudante e con tempo limitado (semellante a un exame «con apuntamentos»). Ao final do tempo prefixado, o estudantado escaneará o exame co móbil e enviarallo ao profesorado.

  - Exame a través dos cuestionarios e das ferramentas de avaliación soportados por Moodle, a través de Faitic. Na ligazón https://docs.moodle.org/all/es/Preguntas pódense consultarse os tipos de preguntas dispoñibles para realizar cuestionarios en Moodle).

  Recomendámosvos que as probas para avaliar coñecementos teóricos se fagan contando cun gran número de preguntas na base de datos, cunha selección aleatoria e cun tempo de resposta curto. En canto ás probas prácticas, debería darse máis tempo e xogar con enunciados diferentes para cada estudante de xeito que non se poida copiar.

  En ambos os casos, durante o tempo de realización da proba, o profesorado deberá estar dispoñible por algún ou varios medios para responder ás preguntas.

- Exame masivo con control de identidade. Recoméndase que este tipo de exame estea restrinxido a un 10% das materias de cada titulación. Estes exames organizaranse mediante Moodle e control coa utilización en paralelo, de considerarse necesario, das aulas de Campus Remoto para o control da identidade do estudantado e/ou a atención das incidencias. En todo caso, nesta modalidade, o profesor (polo menos, o coordinador da materia) debe estar accesible mediante correo electrónico, whatsapp, teléfono ou videoconferencia para atender as incidencias que podan xurdir (alumnos ós que lles falla o sistema, problemas de desconexión, interpretación de preguntas dubidosas, etc.).

Para obter información adicional sobre os mecanismos de avaliación considerados neste manual, así como para coñecer algúns mecanismos alternativos, resulta de especial interese o documento titulado Informe sobre procedimientos de evaluación no presencial. Estudio del impacto de su implantación en las universidades españolas y recomendaciones (versión 1.0), elaborado polo grupo de traballo intersectorial de Crue Universidades Españolas creado a tal efecto[1] .

[1] https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-04/20200416_Informe_procedementos_avaliacion_non_presencial_CRUE.pdf

Avaliación de TFG e TFM

A avaliación dos traballos fin de grao e dos traballos fin de máster do curso 2019/2020 farase de xeito xeral a través de Campus Remoto, de non ser que a evolución das condicións de confinamento permita nalgún caso a celebración presencial.

Poderán defenderse ante tribunais unipersoais ou tribunais con varios membros. A estes efectos, publicarase unha resolución reitoral que permita temporalmente que todos os centros fagan uso da posibilidade dun tribunal unipersoal considerada no Regulamento xeral da Universidade de Vigo, aínda que a normativa propia do centro non a considere.

Cando un ou unha estudante manifeste previamente problemas de conexión, poderá aceptarse a presentación mediante o envío dunha gravación realizada no seu domicilio (ficheiro .mp4, .avi ou semellante).

Garantías de avaliación

Independentemente da modalidade de avaliación non presencial elixida para cada materia, o profesorado deberá establecer os procedementos de avaliación alternativos oportunos para garantir que todo o estudantado poida ser avaliado.

Así, no caso de que algún ou algunha estudante demostre que lle resulta imposible realizar as probas programadas, ben sexa por non dispoñer dos medios técnicos necesarios ou por outra causa derivada do estado de alarma decretado, o profesorado coordinador da materia deberá proporcionarlle un medio de avaliación alternativo adaptado á súa situación (adaptación de prazos de entrega, exame oral por videoconferecia ou vía telefónica etc.).

Para poder facer unha adecuada planificación das probas, o estudantado deberá comunicarlle por correo electrónico ao profesorado a imposibilidade de realizar unha proba coa suficiente antelación.

A este respecto, publicarase unha guía coas posibles situacións que impidan a realización das probas non presenciais por parte do estudantado e coas posibles opcións de avaliación para estes casos.

No caso de que un profesor/a non estea en condicións de cumprir coas súas obrigas docentes debido a situacións excepcionais motivadas pola crise sanitaria actual, deberá comunicarllo ao decanato ou á dirección do seu centro e ao seu departamento para que tomen as medidas necesarias que aseguren que o estudantado sexa avaliado.

En todo caso, as comisións encargadas da coordinación académica de cada titulación establecerán plans específicos para a avaliación do estudantado con necesidades especiais acollido ao programa PIUNE.

Garantías das probas

A lexislación vixente considera a utilización dos medios adecuados para comprobar a identidade do estudantado participante nas probas, como un dos requisitos para as probas de avaliación (artigo 25.7 do Real decreto 1791/2010 do 30 de decembro polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario). Co fin de cumprir con este requisito, a Universidade de Vigo publicará un protocolo que considere os mecanismos que se poderán utilizar nas probas non presenciais que, en todo caso, serán congruentes coa normativa vixente en materia de protección de datos.

Dadas as características específicas da realización das probas non presenciais, tamén se fará público un documento no que se recolla un compromiso de integridade académica respecto á docencia e á avaliación e que será de obrigado cumprimento.

A revisión das probas realizarase no día e á hora fixados polo profesorado e de forma non presencial. O estudantado terá dereito a revisar os documentos nos que se basee a súa cualificación. A interacción entre o profesorado e o estudantado poderá realizarse mediante calquera medio que o permita, ben sexa síncrono (como pode ser unha videoconferencia) ou asíncrono (correo electrónico institucional, ...).

Exemplo de escenario

Os centros, dentro do seu labor de coordinación e de supervisión da actividade docente outorgado polos Estatutos, deberán procurar que na adaptación das probas da modalidade presencial á actividade virtual se consiga un adecuado balance entre as diferentes modalidades de avaliación.

Así, na seguinte táboa, presentámosvos, a modo de exemplo, un posible escenario para unha titulación:

Cambio de avaliación pola COVID-19

Avaliación	Ferramentas	Tipo de materia	% tentativa	Notas
Continua	Sen cambios	Obrigatorias e optativas	10 %	AC
Continua con actividades e substitución do exame final	Engadir 1-2 actividades	Obrigatorias e optativas	40 %	AC
Continua con exame final reducido	Un exame de EC con menor peso que o inicialmente proposto	Obrigatorias e optativas	10 %	AC + miniexame. Pode usarse Campus Remoto (oral, pílula) ou Faitic
Probas finais en liña	Exame por correo electrónico en tempo limitado	Obrigatorias e optativas	20 %	Exames con apuntamentos
	Exame oral por videoconferencia. Escrito por videoconferencia	Obrigatorias e optativas	10 %	Máximo de 15 minutos por estudante
	Exame final vixiado	Materias chave	10 %	Exame con posible control mediante Campus Remoto

4. Addenda ás guías docentes

Co fin de dar cumprimento ás diferentes instrucións e recomendacións indicadas no apartado primeiro deste manual, é preciso tratar a modificación das guías docentes actualmente en vigor para adaptalas á situación de non presencialidade descrita neste documento. Estas modificacións documentaranse mediante a elaboración dun documento anexo ás mesmas[2], que deberá en todo caso cumprir as instrucións da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia. Estas modificacións deberán remitírselle á dita vicerreitoría que, á súa vez, procederá a enviarllelas á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG, que as darán por aprobadas. Tamén estarán dispoñibles publicamente na ferramenta Docnet. Estes cambios quedarán documentados para que, dentro do acordado pola REACU, sirvan como evidencias cando as titulacións sexan avaliadas.

Á hora de realizar estas addendas, deberanse ter en conta as seguintes consideracións, ademais das xa recollidas nas correspondentes instrucións:

- As addendas serán elaboradas polo profesorado responsable de cada unha das materias do segundo cuadrimestre do curso 2019/2020 de todas as titulacións oficiais e serán posteriormente referendadas polo órgano competente de cada centro.
- O/A responsable académico de cada título deberá elaborar a addenda correspondente ás materias que configuren as diferentes modalidades de prácticas externas, así como da correspondente ao traballo de fin de estudos , tendo en conta para elo o indicado respecto a estas actividades no apartado 2 deste documento.
- Ante a previsión de que non haxa posibilidade de facer os exames de segunda oportunidade en formato presencial, recomendámosvos ir traballando na modificación das guías das materias do primeiro cuadrimestre. A dita modificación pode consistir simplemente en propor un método de avaliación alternativo ante a posibilidade de que non se poida facer a avaliación de segunda oportunidade de forma presencial.
- Tamén é aconsellable considerar a posibilidade de que haxa que facer os exames de segunda oportunidade de xeito non presencial na modificación que se faga agora das guías docentes do segundo cuadrimestre, o que evitaría ter que facer, se fora o caso, outra modificación posterior.

[2] Inclúese como anexo a este documento un posible formato para o anexo a engadir ás guías docentes. A súa utilización non é obrigatoria.

5. Temporalización

As diferentes resolucións e instrucións ás que facemos referencia neste documento establecen unha serie de procedementos e prazos para levalos a cabo.

Así, o profesorado e os órganos encargados da coordinación académica das titulacións de grao e de máster deben abordar as seguintes tarefas:

- Establecer os mecanismos necesarios para controlar o cumprimento do recollido nas anteditas instrucións.
- Modificar as guías docentes segundo o indicado no apartado anterior.



Para o cumprimento dos prazos establecidos, deberán terse en conta as seguintes datas:

15 de abril

Os decanatos e as direccións enviaranlle á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado a súa planificación de cara á modificación das guías docentes e unha comunicación referente ao cumprimento da instrución da Xunta respecto á información ao estudantado dos cambios realizados na planificación das materias.

Finais de abril

As tres universidades negociaremos posibles cambios no calendario á vista da situación da pandemia que estea vixente, co acordo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

1 de Maio

Os decanatos e as direccións remitiranlle á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado os cambios nas guías docentes de cada unha das titulacións oficiais do centro (polo menos as das materias do segundo cuadrimestre) como un documento único por titulación que se lles enviará á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG.

Tamén mandarán un documento cos procedementos postos en marcha nos centros para garantir o cumprimento dos requisitos indicados na primeira das instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades.

Maio

Posta en marcha dos exames virtuais nas súas diversas modalidades.

ANEXOS

Titulación:					
Materia:					
Cod. materia:		**Curso:**		**N° alumnos:**	

Adaptación de metodoloxías á docencia non presencial
Metodoloxías docentes que se manteñen
Metodoloxías docentes que se modifican
Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Modificacións (se procede) dos contidos a impartir
Bibliografía adicional para facilitar á autoaprendizaxe
Outras modificacións

Titulación:					
Materia:					
Cod. materia:		**Curso:**		**N° alumnos:**	
Adaptación de avaliación á docencia non presencial					
Probas xa realizadas				Peso anterior (%)	Peso proposto (%)
Probas pendentes que se manteñen				Peso anterior (%)	Peso proposto (%)
Probas que se modifican					
Proba anterior			Proba nova		
Novas probas					
Información adicional					

Titulación:					
Materia:					
Cod. materia:		**Curso:**		**N° alumnos:**	
Cronograma de actividades formativas e de avaliación					

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

Considerando o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de data 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG núm. 49 bis, de 12 de marzo), esta Reitoría

R E S O L V E

Suspender as actividades académicas na Universidade de Vigo, segundo as seguintes indicacións:

PRIMEIRA.- Suspéndese, con carácter xeral, calquera actividade que supoña a presenza física do alumnado nas dependencias da Universidade, en particular, as seguintes:

a) a actividade lectiva, incluídas as probas de avaliación presencial;
b) as saídas de campo e as propias de los estudios de doctoramento;
c) as actividades deportivas, culturais e de extensión, incluídos os cursos, obradoiros e xornadas.
d) calquera curso ou actividade académica presencial programados na Universidade de Vigo orientados a persoas que non pertenzan á comunidade universitaria.
e) a actividade presencial das persoas bolseiras de colaboración.
f) as prácticas curriculares e as extracurriculares, aínda que as persoas participantes non verán afectada a súa credencial, duración e contías a percibir nin as obrigas á Seguridade Social.
g) as actividades formativas presenciais para o personal da Universidade.

SEGUNDA.- A devandita suspensión implicará o peche de de aulas e laboratorios nos que se desenvolvan actividades docentes, agás para labores imprescindibles de mantemento, así como as seguintes restriccións:

a) ás salas de estudo e bibliotecas só poderá acceder o PDI para realizar actividades de investigación, así como o persoal propio do servizo;
b) a defensa de TFG, TFM e teses de doutoramento non poderá levarse a cabo de xeito presencial.
c) o servizo de deportes manterá únicamente a actividade do persoal propio do servizo.

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

TERCEIRA.- Mentres perdure a suspensión das actividades académicas sinalada, tanto o PDI como o PAS da Universidade, incluíndo ao persoal adscrito a unidades cuxo peche chegara a producirse, continuarán a prestar os seus servizos nas condicións que se acorden, sen prexuízo das medidas que poidan ser previstas cara a facilitar a conciliación da vida persoal e familiar

CUARTA.- A Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica elaborará un documento de recomendacións sobre a continuidade da ensinanza de xeito non presencial cara a intentar minimizar o impacto destas medidas.

QUINTA.- En ningún caso poderán organizarse reunións ou titorías presenciais co alumnado, que serán xestionadas de xeito non presencial.

SEXTA.- Rematado o período de suspensión, a Universidade reprogramará as actividades académicas afectadas, na medida do posible, dacordo coas instrucións que poidan ditar os centros, garantindo en todo caso o dereito á avaliación do alumnado, incluído o de mobilidade, así como as actividades externas suspendidas.

SÉTIMA.- Corresponderá aos centros comunicar ás personas ou entidades con actividades previstas nos seus espazos a suspensión das mesmas.

OITAVA.- A Xerencia comunicará este protocolo ás empresas responsables dos contratos de limpeza, mantemento, seguridade, transporte, xardinería, cafetería, restaurantes e outros que poidan verse afectados pola suspensión da actividade académica na Universidade, procedendo a acordar con estas contratas as actuacións ou adaptacións a levar a cabo con motivo da mesma.

NOVENA.- A presente resolución publicarase na páxina web da Universidade, comunicándose a toda a comunidade universitaria e asemade:

- ás autoridades sanitarias competentes;
- á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia;
- aos/ás decanos/as e directores/as de centros e departamentos, así como aos/ás responsables dos servizos da Universidade de Vigo;
- aos/ás representantes dos/as traballadores/as;
- ao Consello do Alumnado;

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España

sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

- aos centros adscritos á Universidade de Vigo que impartan docencia en instalaciones da Universidade;
- ás universidades con convenio de movilidade de estudiantes na Universidade de Vigo;
- ás Xerencias da Fundación Universidade de Vigo (FUVI) e de Cidade Universitaria S.A. (CUSA);
- aos/ás responsables doutras entidades que poidan resultar afectadas.

En Vigo, a 13 de marzo de 2020

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

Universidade Vigo

Reitoría

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España

sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

RESOLUCIÓN DE 14 DE MARZO DE 2020 DE PECHE TEMPORAL DE INSTALACIÓNS, CENTROS E SERVIZOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Á vista da Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a través do cal se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG 50Bis, do13 de marzo) e

Ao considerar que o punto terceiro da Resolución Reitoral do 13 de marzo de 2020, na que se acorda suspender as actividades académicas na Universidade de Vigo, dispón que «mentres perdure a suspensión das actividades académicas sinalada, tanto o PDI como o PAS da Universidade, incluído o persoal adscrito a unidades cuxo peche chegara a producirse, continuarán a prestar os seus servizos nas condicións que se acorden»,

esta Reitoría

R E S O L V E

PRIMEIRO.- Pechar durante 16 días naturais a partir da data da presente resolución todos os centros da Universidade de Vigo, con prohibición de acceso agás para o PAS en servizos mínimos e o PDI en casos xustificados.

SEGUNDO.- Suspender a actividade presencial dos servizos da Universidade de Vigo e manter as vías de atención telefónica e telemática dispoñibles, así como o uso do rexistro electrónico.

TERCEIRO.- Pechar durante 16 días naturais a partir da data da presente resolución os ximnasios, pavillóns e recintos deportivos da Universidade, con prohibición total de acceso agás para o persoal autorizado.

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

CUARTO.- Pechar os bares e os restaurantes localizados no interior das instalacións destinadas á prestación dos servizos da Universidade de Vigo, o que lles deberá ser comunicado ás empresas afectadas.

QUINTO.- Informar de que todo o persoal, durante o período sinalado, deberá, na medida do posible, traballar a distancia, entendéndose por tal non só aquel traballo que se poida realizar por medios telemáticos, desde o domicilio particular, senón tamén a través do correo corporativo e/ou teléfono indicado para o efecto.

SEXTO.- Decretar que a dirección da Área de Infraestruturas xunto coa dirección da Área de Tecnoloxías da Información levarán a cabo as actuacións de coordinación necesarias coas empresas de mantemento e de seguridade para garantir o seu funcionamento axeitado e lle deberán comunicar á unidade correspondente os contratos de servizos que puideran resultar afectados á empresa de que se trate.

SÉTIMO.- Decretar a publicación da presente resolución na páxina web da Universidade e comunicarlla a toda a comunidade universitaria así como a:

- Autoridades sanitarias competentes
- Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia
- Decanos/as e directores/as de centros, directores/as de departamentos e responsables dos servizos da Universidade de Vigo
- Representantes dos traballadores e traballadoras
- Consello de Estudantes
- Universidades con convenio de mobilidade de estudantes na Universidade de Vigo;
- Xerencias da Fundación Universidade de Vigo (FUVI) e de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)
- Responsables doutras entidades que poidan resultar afectadas.

En Vigo, 14 de marzo de 2020

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

Universidade Vigo

Secretaría Xeral

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310-Vigo
España

sxeral@uvigo.es
www.uvigo.gal
+34986813614

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE ABRIL DO 2020 DE PRÓRROGA DA RESOLUCIÓN DE 14 DE MARZO DE 2020 DE PECHE TEMPORAL DE INSTALACIÓNS, CENTROS E SERVIZOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Á vista da *Resolución de 25 de marzo de 2020, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de autorización de la prórroga del estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020*, *de 14 de marzo* (BOE do 28 de marzo) na que se acorda prorrogar o estado de alarma ata as 00:00 horas do día 12 de abril de 2020,

Esta Reitoría **R E S O L V E**

Prorrogar a Resolución Reitoral de 14 de marzo de 2020 de peche temporal de instalacións, centros e servizos na Universidade de Vigo en tanto permaneza declarado o dito estado de alarma ou se declaren sucesivas prórrogas do mesmo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tiempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no del acto administrativo objeto de recurso o impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.
As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor
Manuel J. Reigosa Roger

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE ABRIL DE 2020 SOBRE AS PRACTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS E AS BOLSAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO CURSO 2019/2020 COMO CONSECUENCIA DA SÚA SUSPENSIÓN TEMPORAL DERIVADA DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

Pola Resolución reitoral do 13 de marzo de 2020 acórdase suspender temporalmente as actividades académicas presenciais na Universidade de Vigo, incluídas as prácticas académicas externas que o alumnado realiza tanto nas dependencias da UVigo coma noutras entidades públicas e privadas colaboradoras, así como a actividade presencial dos bolseiros e bolseiras de colaboración da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo admite realizar dúas tipoloxías de prácticas externas: prácticas curriculares, que forman parte do plan de estudos, e que, á súa vez, poden configurarse como materias obrigatorias ou optativas; e prácticas extracurriculares, que malia que lle achegan gran valor ao circuíto formativo do alumnado, este non ten que matricularse delas para poder titularse, polo que presentan outro escenario.

Como consecuencia desta diferenciación, cómpre adoptar medidas acaídas á natureza de cada unha delas que permitan tanto paliar o impacto académico da suspensión temporal das prácticas coma das bolsas de formación complementaria.

É polo que, en virtude das atribucións conferidas polos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 13/2019 (DOG do 22 de febreiro de 2019),

ESTA REITORÍA RESOLVE

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto establecer medidas de carácter extraordinario en relación coas prácticas académicas externas, curriculares e extracurriculares, do curso académico 2019/2020 que se estaban realizando no momento da suspensión da actividade docente presencial ou que estaban programadas para o segundo semestre do curso e aínda non se iniciaran.

Segundo. Prácticas por medios telemáticos

As prácticas, curriculares ou extracurriculares, que se estean desenvolvendo ou poidan desenvolverse por medios non presenciais poderán seguir realizándose por estes medios sempre que o programa formativo do alumnado así o permita.

Terceiro. Prácticas presenciais

As prácticas presenciais, curriculares e extracurriculares, manteranse suspendidas ata que se poidan realizar en condicións sanitarias de normalidade e as institucións colaboradoras estean en disposición de acoller o alumnado.

No momento en que se recupere a situación de normalidade poderá retomarse a realización das prácticas, sempre que así se acorde entre a entidade, o estudantado afectado e a coordinación das prácticas externas no centro.

Para estes efectos, o período das prácticas poderase estender ata o 11 de setembro de 2020, e poderá avaliarse unha ampliación do curso académico no caso das prácticas curriculares consideradas esenciais no currículo do estudantado ou para defender os TFG e TFM.

As prácticas presenciais consideraranse realizadas, e elaborarase a memoria e emitiranse os informes correspondentes para avaliar, sempre que se acadasen os obxectivos formativos básicos destas. Para estes efectos, entenderanse cumpridos estes obxectivos cando as prácticas se realizasen, cando menos, nun 50 % da súa duración. Os créditos restantes completaranse, de ser necesario, con seminarios ou outras actividades.

No caso das prácticas obrigatorias nas titulacións que dan acceso a profesións reguladas, haberá que aterse ao que poida establecer para este efecto o Goberno do Estado.

Cuarto. Flexibilización dos requisitos para defender os TFG e TFM

Poderán presentarse e defenderse os traballos de fin de mestrado (TFM) e os traballos de fin de grao (TFG) aínda que non completase e superase o período de prácticas curriculares. O traslado ao expediente do alumno ou alumna da cualificación obtida no TFM ou no TFG quedará condicionado á efectiva superación das prácticas.

Quinto. Prácticas curriculares optativas

No caso de prácticas curriculares optativas, o alumnado poderá escoller entre continualas de acordo co recollido na regra terceira, anular esta materia se non a precisa para rematar os estudos, ou solicitar a modificación a outra ou outras materias optativas do segundo cuadrimestre en número equivalente de créditos.

Sexto. Prácticas extracurriculares

No suposto de prácticas extracurriculares, o alumno poderá optar por continualas, de acordo co recollido nas regras segunda e terceira, ou cancelalas.

No caso de recoñecementos, seguirase o mesmo criterio establecido ca para as prácticas curriculares; nos restantes casos, incluiranse no SET polo número de horas efectivamente realizadas.

Sétimo. Modificacións de matrícula en materias de prácticas

O alumnado que opte polo cambio de materias ou pola anulación da matrícula de prácticas deberá solicitar a correspondente modificación a través do correo electrónico da secretaría de seu centro (https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes) e cubrirá a **solicitude xenérica** dispoñible en: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/296.

No caso de cambio da matrícula de prácticas curriculares por outra ou outras materias optativas, con carácter previo á súa admisión, solicitaráselles un informe aos decanatos/direccións dos centros.

No suposto de anulación da matrícula en prácticas curriculares, devolveranse os prezos aboados. Neste caso non se expedirá ningunha acreditación sobre as prácticas realizadas, nin por parte da UVigo nin por parte da entidade.

No caso de ter bolsa xeral do MEFP, a anulación da materia pode dar lugar á **revogación e ao reintegro** da bolsa concedida.

Octavo. Bolsas de formación complementaria

As persoas beneficiarias dunha bolsa de formación complementaria convocada pola Universidade de Vigo que se vexan afectadas pola suspensión da actividade presencial, continuarán percibindo a contía da bolsa e manteranse as obrigas coa Seguridade Social no período de gozo recollido na correspondente convocatoria. Isto non suporá en ningún caso a obriga de compensación das horas de formación non efectivas por mor da suspensión de actividade presencial.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicarse a presente resolución (ou dende o día seguinte a recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer ningún recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 1 de abril de 2020

Manuel J. Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

Universidade Vigo

Reitoría

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España

sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE ABRIL DE 2020 SOBRE A OBRIGA DE IMPARTIR DOCENCIA VIRTUAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Á vista da situación actual de alarma na que estamos, onde se agarda das institucións públicas, entre as que se atopa a Universidade de Vigo, non só un cumprimento estrito das Leis senón, asemade, un exemplo de xestión eficiente e de continuidade dos servizos que ofertan á cidadanía

Á vista do disposto na Instrución 2/2020, do 30 de marzo do 2020, da Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado, sobre actividade docente durante o período de peche de centros debido ao COVID-19, que se axunta.

Á vista da decisión adoptada o día 6 de abril do 2020 pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia de suspender definitivamente a docencia física presencial nas Universidades do SUG no presente curso académico,

Á vista do artigo 64 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo (DOG, do 22 de febreiro) onde se indica que, entre outros, o estudantado da Universidade de Vigo terá dereito "a) a unha formación académica de calidade, cualificada, actualizada e interdisciplinaria, que responda á adquisición das competencias e dos coñecementos vinculados aos estudos elixidos e que lle permita coñecer os distintos enfoques; propiciará, deste xeito, a autoformación do propio estudantado" e i) "a dispor de instalacións, medios e recursos para desenvolver normalmente os seus estudos e demais actividades propias da súa formación, así como para o exercicio de todos os dereitos recoñecidos na Universidade Vigo".

Á vista do artigo 79 dos ditos Estatutos, onde se dispón que, entre outros, son deberes do persoal docente e investigador "a) actualizar e renovar os seus coñecementos académicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica", así como "b) cumprir as tarefas docentes e investigadoras correspondentes, con suxeición aos procedementos de avaliación e de control da súa actividade académica".

Á vista do artigo 37 dos ditos Estatutos, onde se sinala que son funcións dos centros "a) Organizar e xestionar a docencia dos títulos oficiais adscritos ao centro, e coordinala, supervisala e controlala".

Á vista do artigo 57.2º dos ditos Estatutos, onde se sinala que "correspóndelle á reitora ou reitor tanto a incoación dos expedientes disciplinarios coma a súa resolución".

esta Reitoría **R E S O L V E**

Primeiro: Dar por rematada a docencia física presencial nos centros da Universidade de Vigo para o presente curso 2019/20, pasando a impartirse íntegramente de xeito virtual ata a finalización do mesmo.

Segundo: Declarar de obrigado cumprimento para o PDI da Universidade de Vigo o disposto na Instrución 2/2020, do 30 de marzo do 2020, da Vicerreitoría de ordenación

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

académica e profesorado, sobre actividade docente durante o período de peche de centros debido ao COVID-19, que se axunta no anexo.

Terceiro: Acordar que corresponderá aos centros notificar á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado os incumprimentos do PDI adscrito aos mesmos respecto do sinalado no punto anterior, segundo os mecanismos que estimen pertinentes.

Cuarto: Informar de que esta Reitoría poderá actuar consonte ao establecido no artígo 57.2º dos Estatutos da Universidade nos casos comunicados polos centros que supoñan un flagrante incumprimento das obrigas declaradas no punto segundo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tiempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no del acto administrativo objeto de recurso o impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.
As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor
Manuel J. Reigosa Roger

Universidade Vigo

Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 813 595
vicprof@uvigo.es

A N E X O

INSTRUCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO 2/2020, DO 30 DE MARZO DE 2020, SOBRE ACTIVIDADE DOCENTE DURANTE O PERÍODO DE PECHE DE CENTROS DEBIDO AO COVID-19

A consecuencia das circunstancias actuais derivadas da aparición e evolución do coronavirus COVID-19, tendo en conta a situación de estado de alarma establecido polo Real Decreto 463/2020 (BOE nº 67 do 14 de marzo), procede marcar as liñas de actuación en canto ás repercusións deste escenario na docencia correspondente ás titulacións oficiais. Por mor do exposto, a Universidade de Vigo ditou varias resolucións, instrucións e recomendacións para continuar coa súa actividade e facilitar a prestación de servizos na modalidade non presencial. Así, co fin de garantir a continuidade da actividade académica e o cumprimento dos obxectivos docentes do presente curso académico, dítanse as seguintes instrucións:

1. Obxecto e ámbito.

Esta instrución ten por finalidade regular as actividades docentes durante o período de actividade non presencial asociado á situación de estado de alarma provocada polo COVID-19. Será de aplicación a todas as materias e actividades docentes correspondentes a titulacións oficiais impartidas na Universidade de Vigo no curso 2019/20, e regula a actividade de todo o PDI que participe na docencia de ditas titulacións.

2. Docencia virtual.

2.1. O PDI ten a obriga de continuar coas súas tarefas docentes, adaptando dita labor ás condicións de non presencialidade actuais, e durante todo o tempo que duren as mesmas.

2.2. O PDI terá liberdade para decidir as ferramentas e metodoloxías que utilizará para impartir a docencia de cada materia de xeito virtual. Os centros e departamentos sómente poderán facer recomendacións a este respecto.

2.3. Non é obrigatorio o uso das ferramentas de docencia virtual proporcionadas pola Universidade de Vigo, se ben se recomenda o seu uso e serán as únicas para as que se proporcionará soporte técnico. A este respecto, recórdase que a ferramenta principal de docencia non presencial da Universidade de Vigo é FAITIC. Así mesmo, a Universidade puxo en marcha un conxunto de aulas virtuais asociadas aos centros para que aquel profesorado que o desexe, poida utilizalas como ferramenta complementaria.

2.4. Dadas as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral que poden xerar as medidas de confinamento decretadas, na actividade docente virtual non é necesario o cumprimento dos horarios de clase aprobados polos centros, podéndose substituír a docencia en dito horario (síncrona) por outras actividades desligadas do mesmo (asíncronas). Neste casos, as modificacións non deben interferir coas actividades programadas doutras materias, permitindo ao alumnado o seguimento de todas as súas actividades A este respecto, as direccións e decanatos dos centros deberán ser informados da decisión tomada por cada PDI, e, de ser necesario, arbitrarán as medidas necesarias para a adecuada coordinación das actividades docentes de cada curso.

2.5. Independentemente das ferramentas que cada profesor/a decida utilizar, deberase comunicar ao decanato ou dirección de centro calquera situación de alumnado que non dispoña dos medios necesarios para utilizar ditas ferramentas. O decanato ou dirección comunicará dita información á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado para buscar posibles solucións.

2.6. Na adaptación das materias á docencia virtual deberá terse en conta que a carga total de traballo do alumnado debe ser a mesma que na docencia presencial (25 horas por crédito), e que o esforzo a dedicar a cada materia debe distribuírse temporalmente ata a finalización do curso de xeito similar a como xa estaba programado.

2.7. Os centros deberán adaptarán, de ser necesario, os mecanismos que teñan establecidos para o coordinación supervisión e control da actividade docente á situación de non presencialidade e ao indicado nesta instrucción.

Universida de Vigo

Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 813 595
vicprof@uvigo.es

3. Guías docentes.

3.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá facer as adaptacións que considere oportunas na guía docente, de común acordo co resto do profesorado da materia. Ditas modificacións deberán ser as mínimas posibles para adaptar as guías docentes á situación de non presencialidade, non deberán entrar en contradición co reflexado na memoria da titulación, e deberán reflexarse como un documento anexo ás guías docentes aprobadas.

3.2. Dado que na situación actual, a causa de problemas de conciliación e/ou conectividade, debe facilitarse ao máximo a organización do traballo de forma autónoma por parte do alumnado, as modificacións das guías docentes deberán eliminar a valoración da asistencia a clase como criterio de avaliación e deberase complementar o apartado de bibliografía con aquela que axude á autoaprendizaxe da materia.

3.3. Calquera modificación das guías docentes deberá ser comunicada a todo o alumnado da materia correspondente, así como ao decanato ou dirección do Centro e do Departamento.

3.4. O profesorado poderá comezar a seguir as guías docentes modificadas sen necesidade de esperar a que sexan aprobadas polos centro, unha vez que os decanatos ou direccións comproben que non incumpren a memoria da titulación. Así mesmo, os decanatos ou direccións estableceran o procedemento e prazos pertinentes para que estas modificacións sexan ratificadas posteriormente polo órgano correspondente dos centros.

3.5. Os decanatos e direccións de Centros deberán velar por unha adecuada coordinación das actividades de docentes, tendo competencias para redefinir os calendarios e programación das probas de avaliación continua do alumando, en coordinación cos profesores responsables de cada materia.

4. Actividades de avaliación.

4.1. O profesorado coordinador de cada materia poderá, de común acordo co resto do profesorado da materia, facer as adaptacións que consideren oportunas nas actividades de avaliación continua previstas, para adecualas á situación de non presencialidade. Ditas modificacións deberán quedar reflexadas no anexo á guía docente da materia.

4.2. No caso de que sexa necesaria a realización de exames finais en modalidade virtual, se ditará a oportuna resolución reitoral ao respecto.

5. Titorías.

5.1. O profesorado deberá continuar realizando ás horas semanais que lle corresponden segundo a súa dedicación á actividade de titorización do alumnado.

5.2. As sesións de titorización deberán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, ...) baixo a modalidade de concertación previa.

6. Outras actividades académicas.

6.1. Calquera actividade docente presencial, incluídas as prácticas en empresa, as saídas de campo, as visitas e os actos de defensa de TFG, TFM e teses de doutoramento, deberá substituírse, de ser posible, por actividades equivalentes non presenciais. No caso de non ser posible, deberán ser aprazadas ata a recuperación da situación da actividade docente presencial habitual.

6.2. No caso de actividades académicas obrigatorias para a obtención de títulos habilitantes para profesións reguladas que estean suspendidas, como pode ser os Practicum ou as prácticas clínicas, se ditarán as correspondentes resolucións unha vez se decidan as solucións oportunas a nivel de Sistema Universitario Galego ou para o conxunto do Estado.

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado
(asinado dixitalmente)

Firmado digitalmente por 33305656T MANUEL RAMOS (R: Q8650002B)
Fecha: 2020.03.30 10:53:02 +02'00'

Universidade Vigo
Reitoría
Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España
sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 7 DE ABRIL SOBRE A OBRIGA DE IMPARTIR DOCENCIA VIRTUAL

Advertido erro númerico nunha das referencias normativas citadas na Resolución Reitoral do 7 de abril do 2020, sobre a obriga de impartir a docencia virtual na Univesidade de Vigo,

O N D E D I

«Á vista do artigo 57.2º dos ditos Estatutos…»

e

«… consonte ao establecido no artígo 57.2º dos Estatutos da Universidade…».

D E B E D I C I R

«Á vista do artigo 56.2º dos ditos Estatutos…»

e

«… consonte ao establecido no artígo 56.2º dos Estatutos da Universidade…».

En Vigo, a 8 de abril de 2020

Universidade Vigo

Reitoría

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310-Vigo
España

sreitor@uvigo.es
www.uvigo.gal

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE ABRIL DE 2020 SOBRE AVALIACIÓN VIRTUAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO DURANTE O ESTADO DE ALARMA

Á vista da instrución adoptada o día 6 de abril do 2020 pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia de suspender a docencia física presencial nas Universidades do SUG no presente curso académico,

Á vista da Resolución Reitoral do 7 de abril do 2020 sobre a obriga de impartir docencia virtual na Universidade de Vigo,

Á vista do artigo 64 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo (DOG, do 22 de febreiro) onde se indica que, entre outros, o estudantado da Universidade de Vigo terá dereito "h) a ser sempre avaliado, con obxectividade, no seu rendemento académico, segundo criterios de avaliación previamente establecidos e coñecidos con anterioridade ao período de matrícula".

esta Reitoría **R E S O L V E**

Primeiro: que a avaliación continua restante, así como as avaliacións finais correspondentes ao actual curso académico na Universidade de Vigo desenvolveranse de xeito virtual.

Segundo: que, no entanto o disposto no punto anterior e só cara á avaliación final na segunda oportunidade, poderase dispoñer, mediante unha nova resolución reitoral, a celebración de probas finais de avaliación presencial, de producirse un cambio substancial nas circunstancias da situación de alarma actual que así o permitise.

Terceiro: que os centros poderán, en exercicio das súas competencias e segundo o procedemento previsto, modificar a súa planificación de avaliación, respetando as datas límite para entrega de actas que figuran no calendario académico para o curso 2019/20; podendo todas ou algunha de tales datas ser adiadas un máximo de dúas semanas, co acordo do Consello de Goberno, o que non impedirá, no entanto, que os centros entreguen as súas actas antes do novo término previsto, de ser o caso.

Cuarto: que o desenvolvemento das probas de avaliación virtual se efectúe segundo o disposto por cada centro, con respeto á liberdade de cátedra do profesorado e consonte ao marco xeral que poida proporcionar a Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado a tal efecto.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tiempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no del acto administrativo objeto de recurso o impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.
As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor
Manuel J. Reigosa Roger

Instrucións do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do Sistema universitario de Galicia

O 11 de marzo de 2020 Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a categoría de pandemia internacional.

Na comunidade autónoma de Galicia por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado Acordo do 12 de marzo de 2020, respecto do ensino universitario, establécese a suspensión das actividades académicas.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, por período de 15 días. A vixencia desta situación foi prorrogada polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, ata o 12 de abril, sendo moi probable a aprobación de futuras prórrogas con fin de garantir a eficaz xestión da emerxencia sanitaria e conter a propagación da enfermidade.

Entre as medidas previstas no Real Decreto 463/2020 e nos anteriores Acordos da Xunta de Galicia, atópanse fortes restricións á liberdade de circulación de persoas, á suspensión da apertura ao público de bo número de locais e establecementos no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalaría e restauración, e outras adicionais.

En concreto, o artigo 9 do mencionado Real Decreto 463/2020 contempla medidas de

CVE: neWHeKGTy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

contención no ámbito educativo e da formación:

1. *Se suspende la actividad educativa presencial en todos los centros y etapas, ciclos, grados, cursos y niveles de enseñanza contemplados en el artículo 3 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, incluida la enseñanza universitaria, así como cualesquiera otras actividades educativas o de formación impartidas en otros centros públicos o privados.*

2. *Durante el período de suspensión se mantendrán las actividades educativas a través de las modalidades a distancia y «on line», siempre que resulte posible.*

En liña co anterior, mediante as correspondentes resolucións reitorais ditadas o 14 de marzo de 2020, as tres universidades galegas resolveron o peche temporal das súas instalacións a partir do luns 16 de marzo o que leva consigo a suspensión da actividade presencial.

Nestas circunstancias excepcionais que estamos a vivir, máis que nunca, as autoridades tanto administrativas como académicas debemos ter presente a necesidade de garantir ao alumnado a continuidade dos seus estudos en condicións de calidade facilitando o remate do presente curso, mediante a realización das adaptacións precisas que o fagan posible.

Non en vano, entre os dereitos dos/as estudantes do SUG, recollidos no artigo 104 da Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia, atópanse os seguintes:

- recibir unha formación de calidade
- ser informados/as correctamente do contido dos planos de estudo e da forma de superar as distintas materias que formen parte dos mesmos
- ser avaliados/as obxectivamente no rendemento académico a través de métodos e criterios que se farán públicos con antelación, garantindo a existencia de sistemas de revisión

Así mesmo, a Lei 6/2013, no seu artigo 109 define no punto 1 a docencia como un dereito

CVE: neWHeKGTy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

e un deber do profesorado, que debe atenderse coa máxima eficiencia e rigor, a fin de proporcionar unha formación profesional, científica, técnica, artística, cultural e humana ao estudantado. Ademais, o punto 2 establece que as universidades outorgarán atención prioritaria á calidade da docencia, procurando os medios necesarios para tal fin.

Por outra banda, é competencia da Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de universidades, coordinar ás universidades do SUG (artigo 53) así como velar polo mantemento dos niveis de calidade na súa actividade (artigo 67), e iso sen obviar o papel clave da Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG).

De feito, un dos puntos que acadou un amplo consenso na xuntanza da Conferencia General de Política Universitaria que tivo lugar o 2 de abril de 2020, foi o recoñecemento do imprescindible papel das axencias de calidade autonómicas que, xunto coa ANECA, logo de acordar criterios homoxéneos, serán as competentes para a validación da calidade das ensinanzas e dos títulos correspondentes completadas baixo novas modalidades en función do estado de alarma.

O 3 de abril de 2020 a Red Española de Agencias de Calidad Universitaria (REACU) adoptou unha serie de acordos relativos á situación de excepción provocada polo COVID-19. En concreto a obrigatoriedade de dar a coñecer ao estudantado as metodoloxías docentes e de avaliación aplicables, coa antelación suficiente, e logo de ser aprobados os cambios nas guías docentes polos órganos competentes na materia. Así mesmo acórdase que os cambios requiridos nas memorias das titulacións non terán consideración de modificacións e a súa avaliación realizarase nos procesos de seguimento e renovación da acreditación.

Perante a situación excepcional xa indicada considérase necesario establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia non presencial impartida ao alumnado do SUG.

CVE: neWHeKGTy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Tendo en conta o anterior, a Secretaria Xeral de Universidades considera necesario ditar as seguintes instrucións:

PRIMEIRA.- Requisitos mínimos da docencia non presencial

O profesorado responsable de cada unha das materias do plano de estudos das titulacións de grao e máster universitario, deberá:

a) Ter operativa unha aula virtual a dispor do seu alumnado.

b) Adaptar a programación docente prevista para o presente curso ás metodoloxías non presenciais.

c) A impartición da materia realizarase respectando as datas contempladas no calendario académico aprobado para o curso 2019/2020.

d) Os contidos de cada materia deberán impartirse de xeito íntegro, agás en casos excepcionais que se xustificarán debidamente polo profesorado responsable da mesma.

e) Subministrar ao alumnado orientacións, materiais e ferramentas para facilitar a preparación dos contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado.

f) Subministrar ao alumnado unha temporalización clara da posta a dispor dos materiais docentes e das tarefas a realizar polo mesmo.

g) Dar a coñecer de xeito preciso ao alumnado calquera cambio nos baremos e criterios que se terán en conta para a avaliación dos coñecementos.

h) Manter abertos canles de comunicación directa co alumnado (horario de atención, solución de dúbidas, corrección de exercicios, clase en directo...).

SEGUNDA.- Prazo de cumprimento dos requisitos mínimos

Os requisitos establecidos na instrución primeira deberán estar operativos o mércores 15 de abril de 2020, como data límite.

CVE: neWHeKGTy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRA.- Garantía de cumprimento

As autoridades académicas de cada unha das universidades do SUG son as competentes para garantir o estrito cumprimento dos requisitos académicos mínimos anteriores.
Co obxecto de asegurar a execución das presentes instrucións, os órganos competentes das institucións universitarias levarán a cabo as medidas necesarias e adoptarán os acordos que, de ser o caso, sexan requiridos pola súa normativa interna.

CUARTA.- Cambios na guía docente das titulacións de grao e máster universitario

As necesarias modificacións da metodoloxía docente e de sistemas de avaliación que se realicen a raíz da situación creada polo estado de alarma considéranse addendas ás memorias de verificación de cada unha das titulacións afectadas. Non obstante, aplicando de xeito subsidiario o establecido no artigo 15 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán ser remitidas á Secretaría Xeral de Universidades, para o seu coñecemento.

Tendo en conta a excepcionalidade das circunstancias actuais, a Secretaría Xeral de Universidades considerará aprobadas as ditas modificacións de xeito automático, sempre con anterioridade á realización da avaliación das materias correspondentes ao segundo cuadrimestre do curso 2019/2020, seguindo os criterios do Acordo de REACU de 3 de abril de 2020, puntos 4 e 8.

Santiago de Compostela
O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

CVE: neWHeKGTy7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Acuerdo de REACU de 3 de abril de 2020, ante la situación de excepción provocada por el COVID-19

Hoy, 3 de abril de 2020, las directoras y los directores de todas las agencias de calidad españolas, agrupadas en REACU, han mantenido una reunión para tratar la situación de excepción provocada por el COVID-19, que ha motivado la suspensión temporal de la actividad presencial en las universidades españolas y la necesidad de adaptación de las titulaciones impartidas a metodologías docentes remotas en situación de emergencia.

Desde las agencias se quiere trasladar a las universidades, al estudiantado y a la sociedad en general un mensaje de tranquilidad y confianza en el buen hacer de todos los componentes del sistema de Educación Superior. El sistema universitario se ha puesto en marcha para proporcionar una respuesta rápida y ágil que garantice la continuidad de las actividades formativas y proporcione, incluso en una situación de excepción como la actual, una formación de calidad.

Las reuniones y los comunicados de las autoridades educativas y órganos de representación universitaria que se han sucedido en las últimas semanas han tratado de contribuir a establecer un marco de actuación coordinado. Cabe referirse, entre otros, al comunicado del Ministro de Universidades sobre la Conferencia General de Política Universitaria del pasado 2 de abril y las reuniones mantenidas por CRUE con representantes de diversas conferencias sectoriales con las que compartimos este reto.

En consecuencia, las agencias españolas han alcanzado un acuerdo que se resume en los siguientes puntos:

1. Es necesario reconocer a todos los agentes de la comunidad universitaria el esfuerzo realizado para trasladar, en un mínimo tiempo, y en unas condiciones muy difíciles, la actividad formativa a un formato no presencial. Consideramos imprescindible resaltar el compromiso de autoridades, responsables universitarios, personal docente, personal de apoyo y servicios y de las y los estudiantes para dar continuidad al curso con la mayor normalidad posible.
2. Es voluntad de las agencias, en coordinación con las autoridades educativas competentes y las universidades —en el ejercicio de su autonomía universitaria—, y de acuerdo a los estándares europeos de calidad, establecer y comunicar cuál es el marco de actuación que permita garantizar la calidad de la educación universitaria y la adquisición de las competencias y resultados de aprendizaje, mediante actividades que se tienen que desarrollar, de forma excepcional y manteniendo el rigor, de una forma diferente a la que estaba prevista.
3. Se debe tener presente las limitaciones de los recursos materiales y los sistemas de comunicación de las instituciones, dimensionados para la formación prevista originalmente, y que deben adaptarse a la nueva situación de formación no presencial de emergencia o excepcional. De igual forma se deben tener en cuenta las limitaciones que pudieran tener algunas y algunos estudiantes para acceder a recursos tecnológicos y de comunicaciones.

4. Con relación a los cambios introducidos en las metodologías docentes y de evaluación, aplicables en este periodo de excepción:

   El estudiantado debe conocer con antelación suficiente tanto las metodologías docentes, como cuáles van a ser los métodos de evaluación aplicables. Es necesario que dichos cambios sean aprobados por los órganos competentes de las universidades y documentados y comunicados a las y los estudiantes, mediante cambios de las guías docentes o por otros mecanismos de comunicación de los que dispongan las universidades que conduzcan a la misma finalidad.

5. Con relación a las metodologías de evaluación:

   Las universidades procurarán adaptar las metodologías, haciendo el mejor uso posible de los recursos a su disposición, atendiendo a los siguientes criterios generales, y alineándose con los estándares de calidad vigentes en el Espacio Europeo de Educación Superior:

   - Utilización de diferentes métodos de evaluación, tanto basados en distintas técnicas de evaluación continua, como en pruebas individuales.
   - Los métodos de evaluación deben permitir valorar la adquisición de las competencias y los resultados de aprendizaje comprometidos en cada materia.
   - Los criterios y los métodos de evaluación, así como los criterios de calificación, serán dados a conocer con suficiente antelación.

6. Con relación a las actividades experimentales presenciales y las prácticas externas:

   Como planteamiento fundamental las universidades asegurarán la adquisición de las competencias y resultados de aprendizaje, de una forma equivalente a lo comprometido en los programas formativos originales. Para ello, las universidades podrán valorar diferentes opciones, tales como reprogramar estas materias, una vez que se levanten las limitaciones a la actividad presencial; complementar, cuando sea posible, las prácticas con metodologías formativas alternativas; o reconocer desempeños profesionales excepcionales, como pudiera ser el caso de las y los estudiantes de titulaciones del área de la salud que prestan servicio de voluntariado en la alerta sanitaria. En todo caso, la evaluación por parte de cada universidad de estas actividades debe asegurar que se alcanzan, de una forma razonable, los resultados de aprendizaje previstos.

7. Se anima a las universidades, a través de la CRUE, de las Conferencias Sectoriales, y de los diferentes órganos de coordinación universitarios en las diferentes áreas de conocimiento, entre otros, a que alcancen acuerdos específicos que atiendan a las singularidades de las diferentes titulaciones y tengan como fin último garantizar la competencia de sus titulados y tituladas.

8. Todos los cambios que se puedan realizar en este periodo excepcional sobre las modalidades verificadas y aprobadas no requerirán de un proceso formal de Modificación del título. La evaluación de estas actividades se realizará durante los

procesos de Seguimiento y de renovación de la Acreditación de títulos, o Acreditación Institucional. Se recuerda que estos procesos valorarán el desarrollo de las titulaciones, tanto durante este periodo de excepción —que se prevé que dure semanas o pocos meses—, como en su periodo normal de impartición, que es de varios años.

Las agencias queremos reiterar nuestra disposición a colaborar con las autoridades educativas y las universidades en nuestra función de acompañamiento a dichos agentes, y conseguir que superemos el gran reto al que nos enfrentamos. Seguimos trabajando para dar respuestas, dentro del alcance de nuestras competencias, a las necesidades del Sistema de Educación Superior, garantizando su calidad. Mantenemos abierto el diálogo y nos ajustaremos a las necesidades que se vayan generando en cada momento en el ámbito universitario al que nos debemos.

Universidade Vigo